

REASIGNACIÓN DE NIVEL

- Alumnado de novo acceso:

Ao longo do mes de novembro, a EOI poderá realizar modificacións na adscrición inicial do **alumnado de novo acceso** que precise unha nova valoración do seu nivel de dominio do idioma, co obxecto de asignarlle praza nun nivel distinto. A dita reasignación realizarase por proposta xustificada do/a profesor/a do grupo, ratificada polo departamento. Para estes efectos, os departamentos determinarán o nivel que lle corresponde **a través dunha proba de clasificación**.

- Antigo Alumnado:

Igualmente, o antigo alumnado que non estivera matriculado polo réxime oficial no curso 2019-20 poderá ser adscrito a calquera dos cursos inferiores ao nivel que xa ten superado.

Así mesmo, o alumnado que promocionou no curso do 2019-2020 poderá ser reasignado ao curso dende o que promocionou.

A matrícula deste alumnado terá a consideración de matrícula de actualización

En ambos os casos, a nova adscrición estará suxeita á dispoñibilidade de prazas e non suporá a expedición do certificado do curso de procedencia do alumnado nin dos niveis que xa teña superados. **O/A alumno/a deberá aceptar a reasignación de curso, asinando o documento da proposta (anexo VI da Circular de matrícula)**. Esta circunstancia non terá efectos académicos e farase constar no expediente do/a alumno/a.